



# Begoña Caamaño. Outra literatura é posible

---

Eli Ríos<sup>1</sup>

Afirmaba Begoña Caamaño que a amizade «é a forma máis pura do amor» e «un diálogo permanente entre iguais»<sup>2</sup>. Amor, igualdade, equidade, sororidade e diálogo son atributos que atravesan non só as obras desta autora senón cada conversa que se produce pola súa volta.

## 1.- Quen era Begoña Caamaño?

Na procura desta resposta as palabras do querer saltan atrapalladas desde o dicionario para a este artigo. Todas ansían aparecer en tipografías grandes que recollan o sentir da amiga, da compañeira, da muller, da activista, da feminista, da galega e de todos aqueles sorrisos que nacen, aínda hoxe, cando as lembranzas enchen os espazos.

Begoña Caamaño Rascado naceu no barrio vigués do Calvario en 1964, nun tempo de cambios políticos e sociais importantes dos que vai formar parte e que ela mesma nos vai retransmitir. Se nun primeiro momento estuda maxisterio, é a paixón pola comunicación a que a leva ata as Ciencias da Información e a exercer como xornalista nos servizos informativos de Radio Popular de Vigo e Radio Noroeste. Posteriormente, foi correspondente da Axencia Galega de Noticias e do desaparecido xornal madrileño *El Sol*.

---

1 Elisabet Ríos Liste é escritora e profesora de Lingua Galega na Educación Secundaria.

2 ROSA, E. «A amizade é um diálogo permanente entre iguais», entrevista a Begoña Caamaño. *Novas da Galiza*, 2010, Vol. 15, p. 16.